



Expertos de R salientan a importancia da IA e da dixitalización para mellorar a competitividade das empresas galegas

- *É unha das conclusións do almorzo dixital dirixido a empresas que se desenvolveu esta mañá, organizado polo Círculo de Empresarios de Galicia e máis o operador galego de telecomunicacións.*
- *Interviron neste encontro online os expertos de R e do Grupo Euskaltel Miquel Gil (Intelixencia Artificial, IA) e máis Alberto Díaz Freire (Transformación dixital).*
- *Noutro foro empresarial esta mesma semana, José Penas (Grandes Contas de R e de Telecable) incidiu no papel clave das novas tecnoloxías e das infraestruturas de rede como factores decisivos de recuperación económica na conxuntura actual*

Venres, 27 de novembro de 2020.- Esta mañá desenvolveuse en formato *online* o almorzo dixital “*Claves para rendibilizar ao máximo os datos da túa empresa*”. Organizado polo Círculo de Empresarios de Galicia e máis R, no foro quedou patente a **importancia vital da información e do dato** nas organizacións para asegurar o crecemento e a competitividade de negocios e empresas en todos os sectores.

Así o subliñaron ambos os dous expertos do operador galego e do Grupo Euskaltel que pilotaron este encontro ao que se conectaron medio centenar de representantes de alta dirección de empresas.

Miquel Gil, responsable comercial de Intelixencia Artificial de R e do Grupo, incidiu na necesidade de planificar a innovación e asegurou que *“levamos tempo escoitando o concepto “intelixencia artificial” e mesmo algunhas compañías xa comezaron a adaptar este tipo de tecnoloxías nos seus procesos. A realidade demóstranos que en todo caso cómpre deseñar sempre unha estratexia para acadar o éxito e tirarlle o máximo partido a estas solucións”*

Rendibilizando os datos da empresa

Pola súa banda **Alberto Díaz Freire, responsable de Transformación dixital de R** e do Grupo Euskaltel, puxo o acento en que o dato se está a converter no activo máis importante das empresas. Todo deixa rastro dixital e é posible obter a información completa do negocio, dos clientes e dos procesos **en tempo real**.

Por iso, a adaptación das empresas aos novos tempos implica asumir de cheo o proceso de transformación dixital, xa que a tecnoloxía e a innovación seguirán a ser panca clave do desenvolvemento empresarial, imprescindible para competir ao máis alto nivel dentro e fóra das nosas fronteiras.

Na contorna desa transformación, a Intelixencia Artificial vai achegar ferramentas útiles para axilizar e rendibilizar procesos e concibir un novo modelo de negocio en calquera sector de actividade.

Nesta liña pero dende outra perspectiva tamén falou o pasado mércores, no foro “Capacita Directivos” sobre *Empresa Intelixente*, José Penas, Director de Grandes Contas de R e de Telecable. Penas centrouse na transformación dixital como factor decisivo da recuperación económica e *subliñou que “a posta en valor das infraestruturas de telecomunicación permitiunos e segue a permitiarnos afrontar a situación de pandemia e aliviar en parte os seus prexuízos nas nosas contornas (...) Nesta crise sanitaria estase a producir unha aceleración increíble da transformación dixital das empresas, feito que coincide no tempo co despregamento das redes ultrarrápidas 5G: e isto aínda vai acelerar máis este proceso, se cabe”*.

IA para apoiar as empresas galegas e compromiso compartido

Con estas premisas, e convencidos da necesidade de potenciar a IA a todos os niveis, dentro da área de negocio Empresas, o operador galego e todo o Grupo Euskaltel incorporaron un equipo de traballo especializado no uso de ferramentas e desenvolvemento de solucións de Intelixencia Artificial. Isto vaille permitir a R ofrecer directamente servizos de valor engadido de IA, orientados a impulsar os negocios dos clientes de empresa e a aumentar o catálogo de servizos dos que xa gozan.

Trátase da iniciativa **BAI Analytics**, que desenvolven expertos profesionais preparados para cubrir as necesidades comerciais, tecnolóxicas e científicas desta nova capacidade para as empresas. Un deles é o propio Miquel Gil, que hoxe participou no almuerzo dixital e, ao seu carón, Ignacio Vilaplana como científico de datos.

R xa conta cunha ampla carteira de clientes que se están a beneficiar de solucións baseadas na IA con experiencias de éxito. Esas experiencias moveron o operador de telecomunicacións a dar un novo paso para acometer de forma específica esta actividade, mostrándose coma o “actor” principal no ecosistema da IA que ofrece un paquete de servizos “de extremo a extremo” mediante o uso de solucións *cloud* internas e plataformas de *Automated Machine* como ‘Microsoft Azure’ ou ‘DataRobot’.

O almorzo dixital desta mañá, especialmente dirixido a representantes da alta dirección das empresas, é unha das actividades que **R** e o Círculo poñen en marcha conxuntamente un ano máis para responder ao seu **compromiso compartido de lles achegar valor ás empresas galegas** e de favorecer o desenvolvemento económico da comunidade.

comunicación R
prensa@mundo-r.net
R.gal